

**PREZO PUBLICO POLAS ACTIVIDADES SOCIOEDUCATIVAS DO CENTRO OCUPACIONAL MUNICIPAL A ESCADA**

**Artigo 1.- Obxecto**

O obxecto deste prezo público é o cobramento da participación nas actividades socioeducativas do Centro Ocupacional A Escada.

**Artigo 2. Obriga de pagamento**

Están obrigados ao pagamento as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que participen nas actividades socioeducativas impartidas polo Centro Ocupacional Municipal A Escada.

**Artigo 3. Importe.<sup>1</sup>**

<b>CENTRO OCUPACIONAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL "A ESCADA"</b>	
-Tarifa mínima: RENDA PERSOAL (RP) computable de <= 100% do IPREM/mes	
Matrícula do período formativo do ano no que formaliza a mesma	50,00 €
Cota mensual de transporte	40,50 €
Cota mensual de xornada formativa	47,50 €
Tarifa 1: RP>100% e <=200% do IPREM/mes	
Matrícula do período formativo do ano no que formaliza a mesma	100,00 €
Cota mensual de transporte	63,00 €
Cota mensual de xornada formativa	158,00 €
Tarifa 2: RP>200% do IPREM/mes	
Matrícula do período formativo do ano no que formaliza a mesma	121,00 €
Cota mensual de transporte	68,00 €
Cota mensual de xornada formativa	268,00 €
Obradoiro cociña, por mes (1 día/semana)	11,00 €

A Renda persoal (RP), cando sexa de aplicación, calcularase en función dos ingresos brutos da persoa usuaria do centro coas seguintes consideracións:

1. Nesta RP non se incluírán os ingresos derivados da percepción dunha prestación por orfandade en aplicación do Real Decreto anual vixente en cada momento de revalorización e complementos de pensións e clases pasivas para as persoas empadroadas en Culleredo.
2. Para as persoas que estean empadroadas en Culleredo ás que lles corresponda a "tarifa mínima" a xornada formativa será gratuita.
3. Para as persoas empadroadas e/ou residentes de xeito comprobable noutros concellos a tarifa a aplicar será sempre a "Tarifa 2" , independentemente da súa R.P.

<sup>1</sup> Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 19/9/2013. Publicación no BOP nº 224, de 25/11/2013. En vigor dende o 26/11/2013

Só no caso das prazas subvencionadas por algún organismo público durante o ano de aplicación do presente prezo público aplicarase a rebaixa da Tarifa 2 para os non empadroados na proporción na que a devandita praza se estea a subvencionar.

Nos casos de persoas usuarias do Centro que accedan a un itinerario de inserción laboral promovido desde o concello de Culleredo, a cota mensual da xornada formativa reducirase proporcionalmente en función do número de horas que continue a aistir ao centro trala súa xornada laboral seguindo os criterios do regulamento do mesmo.

Para as novas altas, no caso de que a mesma coincida sobre o día 15 de mes, todas as cotas mensuais que se lle aplicarán nese mes en cuestión corresponderán co 50 % do importe total das mesmas.

En canto ao transporte: Cando por razóns imputadas exclusivamente a organización do centro o número de días de asistencia ao mesmo se reduza en quince días ou máis, a cota do transporte reducirase en cada tramo de renda proporcionalmente en función do número de días en que non se preste o servizo.

CENTRO OCUPACIONAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL "A ESCADA"		
Actividades complementarias		
1.	Para persoas xa inscritas na xornada formativa completa do centro	
	1.1 Para persoas empadroadas ou non empadroadas con praza subvencionada por outros organismos públicos:	
	1.1.1	Obradoiro cociña de 4 horas/día (1 día por mes ) 12,00 €
	1.1.2	Obradoiro de reforzo académico de 2 horas por semana 8,00 €
	1.2 Para persoas <u>non</u> empadroadas en Culleredo ocupando unha plaza <u>non</u> subvencionada por outros organismos públicos:	
	1.2.1	Obradoiro cociña de 4 horas/día (1 día por semana ) 45,00 €
	1.2.2	Obradoiro de reforzo académico de 2 horas por semana 12,00 €
2.	Para persoas que NON están inscritas na xornada formativa do centro:independentemente da RP os prezos serán os seguintes:	
	2.1 Para persoas empadroadas ou non empadroadas con praza subvencionada por outros organismos públicos:	
	2.1.1	Obradoiro cociña de 4 horas/día (1 día por mes ) 12,00 €
	2.1.2	Obradoiro de reforzo académico de 2 horas por semana, mes 8,00 €
	2.1.3	Obradoiro artesana del 3 horas/día (1 día por semana) 9,00 €
	2.1.4	Obradoiro de actividade físico-deportiva 2 horas semana, mes 15,00 €
	2.1.5	Obradoiro de habelencias sociais 2 horas semana, mes 15,00 €
	2.2 Para persoas <u>non</u> empadroadas en Culleredo ocupando unha plaza <u>non</u> subvencionada por outros organismos públicos:	
	3.1.1	Obradoiro cociña de 4 horas/día (1 día por semana ) 45,00 €
	3.1.2	Obradoiro de reforzo académico de 2 horas por semana 12,00 €
	3.1.3	Obradoiro artesana del 3 horas/día (1 día por semana) 34,00 €
	3.1.4	Obradoiro de actividade físico-deportiva 2 horas semana, mes 57,00 €
	3.1.5	Obradoiro de habelencias sociais 2 horas semana, mes 57,00 €

Calquera baixa nun dos servizos ou actividades complementarias do centro deberá comunicarse con quince días de antelación para os efectos económicos de non aboamento dos prezos aquí estipulados. As baixas non dan opción á

reserva de praza na actividade ou servizo ao que se deixa de acudir.

Matriculación: No caso de que a matrícula se produza finalizado o prazo ordinario anual de convocatoria pública de prazas, o seu importe reducirase proporcionalmente ao número de meses transcorridos do ano natural, considerando só meses completos transcorridos, de acordo cos seguintes cálculos:

Matriculación a pagar no caso da tarifa mínima

Matriculación formalizada	Importe
entre o 01-febreiro e o 28-febreiro	49,34 €
entre o 01-marzo e o 31-marzo	44,85 €
entre o 01-abril e o 30-abril	40,36 €
entre o 01-maio e o 31-maio	35,88 €
entre o 01-xuño e o 30-xuño	31,40 €
entre o 01-xullo e o 31-xullo	26,91 €
entre o 01-agosto e o 31-agosto	22,42 €
entre o 01-setembro e o 30-setembro	17,93 €
entre o 01-outubro e o 31-outubro	13,45 €
entre o 01-novembro e o 30-novembro	8,97 €
entre o 01-décembro e o 31-décembro	4,48 €

Matriculación a pagar no caso de tarifa 1

Matriculación formalizada	Importe
entre o 01-febreiro e o 28-febreiro	98,66 €
entre o 01-marzo e o 31-marzo	89,69 €
entre o 01-abril e o 30-abril	80,72 €
entre o 01-maio e o 31-maio	71,75 €
entre o 01-xuño e o 30-xuño	62,78 €
entre o 01-xullo e o 31-xullo	53,82 €
entre o 01-agosto e o 31-agosto	44,85 €
entre o 01-setembro e o 30-setembro	35,88 €
entre o 01-outubro e o 31-outubro	26,91 €
entre o 01-novembro e o 30-novembro	17,94 €
entre o 01-décembro e o 31-décembro	8,97 €

Matrícula a pagar no caso de tarifa 2

Matrícula formalizada	Importe
entre o 01-febreiro e o 28-febreiro	119,51 €
entre o 01-marzo e o 31-marzo	108,95 €
entre o 01-abril e o 30-abril	97,78 €
entre o 01-maio e o 31-maio	86,92 €
entre o 01-xuño e o 30-xuño	76,05 €
entre o 01-xullo e o 31-xullo	65,19 €
entre o 01-agosto e o 31-agosto	54,32 €
entre o 01-setembro e o 30-setembro	43,46 €
entre o 01-outubro e o 31-outubro	32,59 €
entre o 01-novembro e o 30-novembro	21,73 €
entre o 01-décembro e o 31-décembro	10,86 €

#### Artigo 4.- Bonificacións<sup>2</sup>

Ningunha destas bonificacións sera de aplicación as persoas non empadroadas que nun momento dado por non terse cubertas as prazas dun determinado grupo poideran ser admitidas a participar nunha actividade municipal.

a. Familias numerosas debidamente acreditadas: terán unha redución do 50% na cota anual da matrícula e na cota mensual do transporte, nos casos de familias numerosas de categoría xeral ; e un 100 % nas de categoría especial.

b. Persoas matriculadas ou non no centro que se inscriban inicialmente nos obradoiros de verán, e persoas que se inscriban nalgún obradoiro durante o resto do ano, terán unha redución dun 10% do prezo de cada actividade ou a aplicación do prezo concreto bonificado que se estipule na presente ordenanza para as actividades nela reguladas si están nalgunha destas circunstancias:

- Persoas con carné Xove
- Persoas desempregadas acreditadas con documento oficial do SEPE actualizado

c. Persoas con carné da Oficina Municipal de Voluntariado e en situación activa no momento da preinscrición ou de Voluntariado de Protección civil: Terán unha redución do 50% por actividade ata un máximo de tres actividades coincidentes no tempo organizada pola mesma concellaría .

No caso de concurrir máis dun tipo de bonificación de todas as anteriores sobre a mesma persoa só se aplicará unha delas: a máis ventaxosa para a persoa participante.

d. Participación en máis dunha actividade:

- As familias que non tendo a cualificación de familias numerosas teñan 2 fillos/as participantes nas actividades da mesma concellaría, terán dereito a unha redución do 50% sobre o importe da actividade dun deles/as.
- As persoas que participen nun par de actividades da mesma concellaría terán dereito a unha redución do 50% sobre o importe da segunda actividade de cada par.

Esta bonificación si que se poderá sumar á aplicada nos casos anteriores.

e. "Tarifa especial": esta tarifa será aplicable tanto o custo da actividade como aos servizos complementarios. Quedará a criterio dos profesionais do equipo municipal de servizos sociais establecer de oficio a gratuidade ou redución de tarifa naqueles casos que se estime oportuno, dadas as circunstancias persoais ou sociofamiliares, mediante informe social

<sup>2</sup> Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 19/9/2013. Publicación no BOP nº 224, de 25/11/2013. En vigor dende o 26/11/2013

que, de xeito confidencial, acompañará ao procedemento da solicitude. A documentación acreditativa de tales circunstancias presentarase exclusivamente ante este departamento municipal para a emisión do devandito informe e proposta de prezo a aboar. Así o importe a pagar será o resultante de aplicar á tarifa normal a porcentaxe de redución que se considere tecnicamente axeitada no informe social. A reduccción poderá acadar o 100% do prezo. Tamen poderá propoñerse o fraccionamento do pago sen exceder os tres meses desde a data da formalización da matrícula.

#### **Artigo 5.- Obriga de pagamento**

O nacemento da obriga producirase o primeiro día de cada mes natural en que se desenvolva a actividade, salvo nos casos de alta nas actividades en que o nacemento da obriga producirase no momento en que se inicie a realización das respectivas actividades, podendo esixirse o seu depósito previo no momento da inscrición.

A solicitude de prestación do servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se presenten ao cobramento ata a baixa no servizo, e se autorizará coa sinatura do solicitante simultaneamente co proceso de solicitude de prestación. A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas determinará a interrupción do servizo.

Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se practiquen coas bases que se acorden.